

CONDICIÓN DO PROGRAMA

1-Obxecto

Desde a Concellería de servizos sociais e discapacidade do Concello de Monforte de Lemos organiza unha nova edición do PROGRAMA ACTIVA a desenvolver de outubro de 2024 a xuño de 2025 a través dun conxunto de actividades socioculturais, recreativas e formativas que teñen como finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, promover a súa participación social e posibilitar espazos de encontro interxeracional.

2-Actividades e prazas convocadas

Ofertanse un total de 12 actividades, 21 grupos e 379 prazas :

Actividades para persoas maiores de 55 anos: Ximnasia de mantemento para maiores, taichi, Ioga, Conservando a memoria, Manualidades, Cerámica, Bailes de salón iniciación e Competencias dixitais para uso cotiá (nivel básico, intermedio e avanzada) e Informática básica.

Actividades para persoas maiores de 16 anos: Manualidades, Costura creativa, Costura básica, Cerámica e Bailes caribeños (nivel iniciación e intermedio). As actividades son gratúitas para os participantes, subvencionadas no 100% polo Concello. As actividades desenvolveranse desde o 14/10/2024 ó 12/06/2025 e terán unha duración de entre 1h e 2h/semana. O número de prazas por grupo establécese segundo a actividade e como máximo de 30 persoas por grupo. Resérvase 1 praza por actividade para persoas con recoñecemento de discapacidade.

O Concello reservarase o dereito de anulación de calquera das actividades se non existise o número de inscricións suficientes ao inicio das mesmas (75%) ou si durante o transcurso desta o número de participantes baixa do 50%, así como adoitando decisións en prol dun axeitado desenvolvemento das actividades.

3-Requisitos para solicitar a participación nas actividades Xerais:

-Estar empadroado no Concello de Monforte de Lemos.

-Ter a idade mínima esixida para a actividade na que desexe participar. De forma excepcional, previa valoración dos servizos sociais, poderase eximir do requisito da idade en circunstancias debidamente acreditadas polo solicitante.

-Non presentar alteracións e comportamento que poidan alterar o normal funcionamento da actividade, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio. No caso de participar en actividades que requiriran actividade física, non padecer doenza que poida ocasionar risco para a saúde.

4-Solicitudes

Prazo e lugar da solicitude: A solicitude de participación presentarase exclusivamente no modelo normalizado, ben presencialmente no Rexistro do Concello ou na Secretaría dos servizos sociais do Centro cívico en horario de 9,00-14,00 ou a través da sede electrónica do Concello a través do rexistro telemático. O prazo estará aberto do 11/09/2024 ó 27/09/2024.

Excepcionalmente, poderase abrir un prazo extraordinario no caso que, finalizado procedemento de adxudicación de prazas, existan prazas vacantes e ata completar prazas. A solicitude poderá ser individual ou conxunta. Neste caso, preténdese favorecer a participación nunha mesma actividade de persoas con relación de parentesco. Como regra xeral, cada persoa poderá solicitar e participar só nunha actividade có finde que poidan acceder un maior número de persoas.

5-Documentación a achegar

-Modelo de solicitude debidamente cuberta polo solicitante. En caso de persoas menores de idade a solicitude virá asinada por representante (pai, nai, titor).

-Fotocopia do DNI, NIE, pasaporte.

- Certificado de empadramento no Concello de Monforte de Lemos, no caso de non autorizar a súa consulta

- No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade, certificado que acredite dita situación.

6-Procedemento de adxudicación de prazas

Realizarase mediante SORTEO PÚBLICO entre as solicitudes recibidas para cada actividade finalizado o prazo de inscrición. Asignarase un número por cada solicitude que se reciba e fárase un sorteo por cada unha delas, tendo en conta o número de prazas ordinarias e de discapacidade. Publicarase a data e lugar da realización do sorteo na páxina web do Concello e no centro cívico xunto coas persoas admitidas para participar neste. No caso de presentarse a solicitude de participación conxunta optarán a praza ou a lista de agarda cun único número. No prazo de 5 días publicaranse na páxina web e no centro cívico as listaxes de persoas con praza adxudicada e a listaxe de persoas en lista de agarda, no caso a demanda fose maior ca oferta de prazas.

7-Lista de agarda e renuncias

No caso de producirse algunha vacante nas actividades, procederase a chamar por orde de prelación na listaxe de agarda da actividade concreta, mediante dúas chamadas telefónicas realizadas en distintos horarios. No caso de imposibilidade de contacto, pasarase a chamar á persoa figure no seguinte posto.

Producirase a baixa da actividade e a perda de dereitos automaticamente no caso de que a persoa participante acumule 3 faltas sen xustificar. A falta de asistencia regular e a non comunicación de baixa en circunstancias previsibles poderá ser obxecto de penalización para poder participar en próximas edicións.

-As renuncias presentarase por escrito na Secretaría dos servizos sociais en horario de 09,00 a 14,00 h



ACTIVIDADES EN CENTRO CÍVICO



**Prazo de inscrición:
do 11 ó 27 de setembro de 2024**

Concellería de Servizos Sociais
Servizos Sociais Comunitarios



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

PERSOAS MAIORES DE 55 ANOS - ENVELLECIMENTO ACTIVO

ACTIVIDADE	Nº PRAZAS	DÍAS CLASES	HORARIO	DATA DE INI	DATA DE FIN	LUGAR IMPARTICIÓ	MATERIAL PARTICIPANTES
XIMNASIA DE MANTEMENTO 1	24	LUNS E MÉRC	12:15-13.15	14/10/2024	11/06/2025	Aula soto Centro cívico	Roupa e calzado cómodo e esteira
XIMNASIA DE MANTEMENTO 2	24	MARTES E XO	12:15-13.15	15/10/2024	12/06/2025	Aula soto Centro Cívico	Roupa e calzado cómodo e esteira
TAICHI	15	LUNS E MÉRC	10.30-11:30H	14/10/2024	11/06/2025	Aula soto Centro Cívico	Roupa e calzado cómodo
CONSERVANDO A MEMORIA 1	20	MARTES	11:00-12:30	15/10/2024	10/06/2024	Aula 2ª planta Centro cívico	Lápis e goma de borrar
CONSERVANDO A MEMORIA 2	20	XOVES	17:00-18:30	17/10/2024	12/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Lápis e goma de borrar
IOGA 1	20	MARTES E XO	09:45-10:45	15/10/2024	12/06/2025	Aula soto Centro Cívico	Esteira,manta e coxín
IOGA 2	20	MARTES E XO	11:00-12:00	15/10/2024	12/06/2025	Aula soto Centro Cívico	Esteira,manta e coxín
BAILES DE SALÓN INICIACION	24	MÉRCORES	17:00-18:30	16/10/2024	11/06/2025	Aula soto Centro Cívico	Roupa e calzado cómodo
COMPETENCIAS DIXITAIS PARA USO COTIÁ INICIACION	15	MARTES	10:00-11:00	15/10/2024	10/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Teléfono móvil con conexión a internet
COMPETENCIAS DIXITAIS PARA USO COTIÁ INTERMEDIO	15	XOVES	10:00-11:00	17/10/2024	12/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Teléfono móvil con conexión a internet
COMPETENCIAS DIXITAIS PARA USO COTIÁ AVANZADO	15	XOVES	11:00-12:00	17/10/2024	12/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Teléfono móvil con conexión a internet
INFORMÁTICA BÁSICA	20	MARTES	11.30-12:30	15/10/2024	10/06/2025	Aula Cemit Multiusos	Libreta e bolígrafo
MANUALIDADES 1	15	MARTES	17:00-18:30	15/10/2024	10/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Materiais para a elaboración das manualidades
CERÁMICA 1	15	VENRES	17:00-18:30	18/10/2024	06/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Materiais para a elaboración das cerámicas

PERSOAS MAIORES DE 16 ANOS- ACTIVIDADES INTERXERACIONAIS

ACTIVIDADE	Nº PRAZAS	DÍAS	HORARIO	DATA DE INI	DATA DE FIN	LUGAR IMPARTICIÓ	MATERIAL PARTICIPANTES
MANUALIDADES 2	15	MARTES	19:00-20:30	15/10/2024	10/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Materiais para a elaboración das manualidades
CERÁMICA 2	15	LUNS	19:00-20:30	14/10/2024	09/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Materiais para a elaboración das cerámicas
BAILES CARIBEÑOS INICIACION	24	LUNS	17:15-18:45	14/10/2024	09/06/2025	Aula soto Centro Cívico	Roupa e calzado cómodo
BAILES CARIBEÑOS NIVEL INTERMEDIO	24	LUNS	18:45-20:15	14/10/2024	09/06/2025	Aula soto Centro Cívico	Roupa e calzado cómodo
COSTURA CREATIVA 1	13	LUNS	17:00-18:30	14/10/2024	09/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Agulla, fio ,dedal, tixeiras, retazos de tela
COSTURA CREATIVA 2	13	MÉRCORES	19:00-20:30	16/10/2024	11/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Agulla, fio ,dedal, tixeiras, retazos de tela
COSTURA BÁSICA-INICIACION	13	MIÉRCOLES	17:00-18:30	16/10/2024	11/06/2025	Aula 2ª planta Centro cívico	Agulla, fio ,dedal, tixeiras, cinta métrica e fio de hilvanar

DIAS NON LECTIVOS PROGRAMA ACTIVA 2024/25

FESTIVIDADE	DATA	DIA DA SEMANA
Día de todos Os Santos	1 de novembro de 2024	Venres
Día da Constitución Española	6 de decembro de 2024	Venres
Vacacións de Nadal	23 de decembro de 2024 ao 7 de xaneiro de 2025	
Entroido	03,04 e 05 de marzo de 2025	Luns,martes e mércores
San José	19 de marzo de 2025	Mércores
Semana Santa	17 e 21 de abril de 2025	Xoves,venres e luns
Martes de Pascua	22 de abril de 2025 (festividade local)	Martes
Día do Traballo	1 de maio de 2025	Xoves
Santa Rita	22 de maio de 2025	Xoves
Día San Antonio	13 de xuño de 2025 (festividade local)	Venres

INSCRICIÓN / INSCRIPCIÓN:

Cómo?: **EXCLUSIVAMENTE** A TRAVÉS DO IMPRESO SES-MA-203

Onde?:

PRESENCIALMENTE, NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO

A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA.



SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Centro Cívico –Social

Paseo do Malecón, s/n - 1ª Planta

27400 Monforte de Lemos

982 416 541

